



## MANUEL BRAGADO PRESIDENTE DA ASOCIACIÓN GALEGA DE EDITORES

Moito ten cambiado o sector editorial en Galicia nos tres últimos decenios. Se na década dos 80 custaba acadar os 500 títulos en galego ao ano, en 2009 publicáronse máis de 4.000 volumes nesta

lingua. Unha evolución que foi posible grazas ao compromiso dos editores en favor da lingua galega e grazas tamén ás políticas educativas, de promoción e de normalización lingüística, que incorpo-

raron o galego ao sistema educativo, ás administracións aos medios de comunicación. Hoxe o sector editorial está considerado en Galicia como estratéxico. Nin así puido zafarse dos recortes.

# "Abriremos unha plataforma de contidos dixitais en lingua galega"

**"As axudas que concedeu o último Goberno de Fraga triplicaban as cifras de agora"**

CARMEN ALONSO

A última mala noticia con respecto á lingua galega foi a supresión, por parte da Xunta, da convocatoria de axudas aos concellos para a promoción do galego e á edición de libros de texto neste idioma. Un recorte inesperado que vén dando moito que falar nos últimos días e que colle aos editores preparándose para asumir a implantación case inminente do libro electrónico.

Manuel Bragado, presidente da Asociación de Editores de Galicia e director xeral de Edicións Xerais, analiza nesta entrevista a actualidade do sector.

**—A retirada precipitada das axudas vén de alporizar aos editores...**

—Evidentemente os editores non podemos aplaudir unha decisión deste tipo. Eu entendo que estamos ante unha medida de política educativa. Os que a tomaron estimaron que no conxunto de posibilidades que tiñan para facer recortes o sector editorial educativo non é prioritario, malia que existe unha lei que o recoñece como estratéxico para Galicia, e que o galego como lingua vehicular na escola tampouco é prioritario.

**—Cales van ser os efectos inmediatos desta decisión?**

—A efectos prácticos non vai ter ningunha incidencia sobre a comunidade educativa, dado que todo o material está xa editado. Así que, os centros téñeno a súa disposición. De cara ao futuro agardamos que a medida sexa rectificadora.

Vémolo con certa esperanza porque ese compromiso da Xunta figura por escrito. De todas maneiras, agora non nos podemos fiar de quen fixo unha convocatoria en firme e decidiu revogar as axudas de forma unilateral.

**—A que porcentaxe do sector afecta directamente este tema?**

—En 2009 (aínda non dispoñemos dos datos de 2010) as editoriais galegas facturaron 33 millóns de euros no seu conxunto. Desa cantidade 22 millóns corresponden a libros en galego e o 50 por cento de esa cifra provén do libro educativo. Ademais, as axudas non as recibían únicamente editoriais galegas, senón tamén

### PRODUCCIÓN

**"En 2009 as editoriais galegas facturaron 22 millóns de euros en libro en galego"**

editoriais de fóra que editaban en galego. As cantidades non é que fosen moi significativas, porque veñen diminuíndo dende hai tempo, pero si importantes para as empresas. En calquera caso, é certo que as axudas que concedeu o último Goberno de Fraga triplicaban as cifras de agora.

**—Vostede mesmo chegou a dicir que a Xunta está a operar de forma violenta...**

—A quen lle extirpan algo, aínda que sexa con anestesia, estánlle exercendo unha violencia no corpo. Os editores sempre compartimos o compromiso coa lingua galega entendéndoa como un espazo de encontro, de consenso, de recuperación... e sempre colaboramos co sistema educativo. Esta medida, que se tomou de xeito unilateral, non é ningún abrazo nin para o sistema educativo nin para nós; non é unha medida agarimosa.

**—Agora, o outro reto que han de encarar as editoriais é o do tránsito ao libro electrónico...**

—Si. Ese é o grandísimo reto do sector. É un tránsito moi difícil que crea incerteza porque obriga a un proceso de reconversión moi profundo, que afecta tanto á creación editorial como ás canles de distribución e promoción.

**—De que xeito?**

—A creación editorial terá que utilizar o hipertexto que caracteriza á edición dixital. Na distribución as cadeas de valor serán diferentes e os actores tamén serán diferentes; hai unha posibilidade real de que os libeiros físicos deixen de ter un papel na distribución e sexan as editoriais e os creadores de contidos os que cumplan esa función.

**—Como se vai afrontar en Galicia esa reconversión?**

—Non está nada pechado, pero hai boa disposición para facer



Manuel Bragado é o director xeral de Edicións Xerais

### PERSPECTIVAS

**"O futuro da lectura en galego vai depender da propia sociedade galega"**

—Parece que os libros infantís son menos porosos ás actividades dixitais porque tamén son os que resultan máis atractivos impresos. É lóxico pensar que os libros impresos máis bonitos sexan os que teñan unha maior permanencia en papel. Non obstante, eses pequenos cidadáns levan toda a súa vida convivindo coas novas tecnoloxías e tamén son quen máis familiarizados van estar coa lectura sobre pantallas e coas outras utilidades destas.

De feito, xa se están desenvolvendo experiencias pioneiras en Galicia por parte dalgunhas editoriais, onde están xurdindo proxectos que se enmarcarán nun novo mercado de produtos interactivos para os rapaces.

**—Ou sexa, que habrá un longo período de convivencia?**

—Eu penso que si, porque o alumnado terá que ler nos dous soportes. Adquirirá competencias diferentes en cada un deles. Isto tamén supón todo un reto para o sistema educativo, que habrá de formar lectores competentes nos dous formatos.

**—Como ve o futuro do libro galego?**

—Temos moitos obxectivos que acadar por diante. Non podemos dicir que o momento sexa bo cando atravesamos un período de crise e a Xunta elixe sectores da cultura para facer recortes orzamentarios. Isto parece que fai a situación máis difícil, pero tampouco podemos esquecer que nunca tivemos tantas posibilidades de chegar a un público tan amplo como agora e debemos aproveitar iso.

O futuro da lectura en galego vai depender da propia sociedade galega. Debemos apostar pola innovación e a comunicación e ter presente que non hai temporal que non remate en calma.

### SOPORTES

**"Estamos asistindo a novas posibilidades de creación que darán lugar a novos xéneros"**

frente a este reto. Un dos feitos importantes é que nas próximas semanas os editores abriremos unha plataforma de contidos dixitais en lingua galega.

**—Transformarase tamén o concepto tradicional do libro?**

—Por suposto, estamos asistindo a un cambio de paradigma que non é tanto no contido como na utilización do hipertexto e no

### EDUCACIÓN

**"O alumnado terá que ler nos dous soportes. Adquirirá competencias diferentes en cada un deles"**

carácter multimodal dos textos que comparten espazo con audiovisuais, etcétera. Temos diante novas posibilidades de creación, que darán lugar a novos xéneros. Tamén a comunicación será maior entre autores e lectores, entre os autores mesmos, entre especialistas...

**—E que pasará cos libros infantís? Vivirán unha evolución propia?**